

# A FOTOGRAFÍA CELEBRADA

Chus Martínez Domínguez

Comisaria y crítica de arte

Exposición: *Anna Turbau. A intimidade da imaxe. Galicia 1975–1979*

Sala de exposicións do Colexio de Fonseca, Santiago de Compostela

19 de outubro 2017 ao 16 de xaneiro de 2018

A fotoxornalista catalá Anna Turbau (Barcelona, 1949) depositou no Consello da Cultura Galega parte do seu arquivo fotográfico, 10.000 negativos positivados referentes á Galicia dos anos setenta. Por este motivo, desde esta institución cultural, produciuse a exposición *A intimidade da imaxe*. Trátase dunha colección de imaxes que amosan un período especialmente complexo da Galicia contemporánea, que reflicte o período coñecido como Transición da ditadura á democracia e onde se pode apreciar a realidade social e política do país en contraste con outras zonas do Estado e tamén de Europa: desde a precariedade (pero con moita dignidade) coa que labregos e mariñeiros afrontaban a situación, até imaxes máis postmodernas de protesta exemplificadas nas instantáneas das mobilizacións de movementos feministas, da Coordinadora de Montes Comunais, do sector naval en Ferrol e Vigo ou da plataforma contra as apropiacións pola construción da autoestrada do Atlántico. Ao seu carón, as políticas propias daquel tempo e que, estas si, son parellas ás imaxes que coñecemos de Cataluña, País Vasco ou Andalucía: demanda dunha autonomía de primeira, as eleccións municipais de 1979 ou a dor polo asasinato dun garda civil por parte do grupo terrorista GRAPO que se fundara en Vigo anos atrás. A Galicia rural, poboada de rituais e escurantismo, complétese coa Galicia urbana, que ansía coller o latexo da modernidade.

Á Galicia de 1975 chegou de moza Anna Turbau xunto ao seu compañeiro, o cineasta Llorenç Soler, a través dun proxecto experimental do arquitecto César Portela quen traballaba xunto á tamén arquitecta Pascuala Campos de Michelena na construción de vivendas para unha comuni-

dade xitana en Campañó (Poio). É obrigado lembrar neste intre a importancia cultural e política do recién creado Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, COAG, que foi quen de fomentar e protexer moitas iniciativas de creación que perduraron no tempo e constituír o aliciente para promocionar outras moitas. Este feliz encontro entre a arquitectura e fotografía materializou as primeiras obras de Turbau en Galicia, revelándolle a existencia doutros moitos relatos que viven paralelos aos oficiais. Deulle acceso a un mundo igualmente descoñecido como ignorado co que empatizou desde moi cedo. Recoñeceu como propio o mutismo das voces protagonistas e comprometeuse nas mesmas loitas que ela viña librando. Os seguintes proxectos que desenvolve, algúns aínda conectados co presente, non foron de menor calado e axiña os sucesos se converteron en retratos: nais con fillos, vellas e mozos en loita contra a construción da AP-9 non en contra do progreso como naquel intre intre moitos medios de comunicación sinalaron, senón pola inxustiza das indemnizacións que tarde e arrastro recibiron os cidadáns. A mesma forza teñen as imaxes, estas si de involución, que reflicten a unha poboación que coa escusa do asasinato dun garda civil pregoaban a volta da *Longa noite de Pedra*; anos despois, será un concello socialista de Santiago o que homenaxee ao garda civil Vázquez Cacharrón coa inauguración dunha rúa co seu nome. Xunto a estas masas contestatarias — dun e doutro signo —, a reporteira rexistrou a dureza do traballo das mariscadoras, o silencio das xentes do rural e a soidade da enfermidade. En definitiva, a intrahistoria deses anos da transición onde, como afirma un dos prologistas do catálogo editado posteriormente, “todo era posible”.<sup>1</sup>



Anna Turbau, *Protesta na Praza do Obradoiro. Presidencia da Xunta de Galicia preautonómica de Antonio Rosón Pérez*. Santiago de Compostela, 1978

A comisaria, profesora e cineasta, Margarita Ledo Andión foi a responsable de seleccionar para este proxecto expositivo ao redor dun centenar de fotografías repartidas nas dúas salas do Colexio de Fonseca en Santiago de Compostela. Imaxes que dan conta dun modo de traballar específico, agrupadas en proxectos e cun obxectivo claro: o de celebrar a fotografía como experiencia, como xesto; afastada de referencias e onde non é preciso subliñar os seus elementos constituintes. O primeiro dos espazos, baixo o acubillo do artesoadado, articulouse a través de cinco grupos de imaxes a modo de capítulos: "O rostro que te mira", "A atmosfera e o signo", "Luz no alén", "O vestixio e a fuxida" e "A ollada que manca", que ben poderían considerarse como unha selección de ensaios visuais que, despregados e secuenciados con eficacia e sensibilidade, proporcionaban as principais claves da fotografía de Turbau: a mirada e a luz. A artista afirma que comezou a desenvolver a súa mirada en Galicia. Unha mirada cómplice, argumentada, onde o produto final das fotografías non sempre para no papel. Moitas delas foron publicadas mais

outras moitas nunca chegaron a publicarse, ben por desobedecer as encomendas dos editoriais — Turbau traballaba nese intre para publicacións da importancia de *Interviu* ou *Primera Plana* — ben polo compromiso de querer seguir aprofundando nas circunstancias dos suxeitos que fotografaba. Mirada crítica e subversiva que traspasa o umbral da experiencia para comulgar co acontecemento, co corpo, coa realidade e a súa escenificación, a súa visibilidade. Mirada intimista que ofrece escenas reais de individuos que tamén miran. A beleza das súas miradas, neses ambientes e situacións á vez desfavorables e perigosamente cotiáns, non poden menos que impactar. Ollos vivos, feridos, que conectan cómplices coa cámara, testemuñando a presenza de Turbau na escena, que xorde como narradora secundaria. A súa cámara acompaña, dignifica e deixase contaminar por un xeito de ver e tamén de calar: fotografías que a pesares de xestarse no acontecemento son produto do silencio. Fiel ao branco e negro, a luz desprega un sentido crítico nos espazos. Diferentes encadres revelan o interior de dormitorios, camas cos corpos que as habitan



Anna Turbau, *Tríptico Matrimonio*. Cenlle, Ourense, 1978

e cuxa materialidade se quere conservar. O acto de mirar sempre ten consecuencias e a artista recórdao continuamente. Ilumina situacións e descobre lugares de inhabitual acceso, como é o caso do Hospital Psiquiátrico de Conxo (Santiago de Compostela, 1977). Espazos invisibles a través dos cales atende a corpos femininos, presentes en todo o seu traballo e en especial nesta serie. Estuda os seus corpos feridos, a súa enfermidade mais tamén o trauma da soidade e o abandono ao que estas pacientes foron sometidas.

Na sala contigua do Pazo de Fonseca dispuxéronse obras susceptibles de definirse como espazos sentimentais, etéreos, e que se organizan como: "A imaxe que libera", "A festa como síntoma", "Fóra de campo" e "Paisaxe interior". Pezas que activan unha sorte de gabinete de curiosidades, mostrando aquelas estruturas sociais e populares que discorren nun plano do disfuncional, do excepcional. Os rituais e o culto relixioso propoñen unha transformación dos códigos mentais: romarías, procesións, cemiterios, festas, meigas e sanadoras. O ritual é lúdico e público mais tamén se relaciona co ocultismo, coa acción subversiva, aquela que non se recoñece como

cura. Trátase do "poder" fóra da imaxe, de facer referencia ao que se non se pode chegar a coñecer: a morte e as emocións.

Completan estas series unha selección de imaxes da exposición "Santiago, pequena historia natural" que Margarita Ledo Andión comisariou en 1992 e que contou coa colaboración do fotógrafo compostelá Tino Martínez, e na capela, o vídeo *A mirada de Anna*, de Llorenç Soler e Jorge Algora, ademais de diverso material de documentación relacionado coa obra, a súa produción e difusión: revistas, xornais, carteis, trípticos, catálogos, folletos e convites, entre outros.

Nutrida dun fotoxornalismo de raíz documental, subxectiva e intimista, a creadora catalá pivota na análise das contradicións inmanentes ao concepto de realidade; naqueles sucesos que esixen ser incuestionables fronte á fragilidade daqueloutros que precisan ser observados para existir. Fotógrafa autodidacta, a súa obra ten que entenderse como unha extensión máis das súas investigacións ao redor da conciencia do real; tomando esa realidade como o modelo que lle vén dado ao pé da noticia, a través da súa cola-

boración con publicacións de tiraxe nacional da época, tan destacadas como *Interviú* ou *Primera Plana* e xa, na etapa galega, os semanarios nacionalistas *Teima* e *A Nosa Terra*. Un campo, o do fotoxornalismo, no que as fotografías non o tiveron doado, polo que cómpre destacar nesta mostra a perspectiva de revisión da propia linguaxe implícita nestes traballos; a revisión dos seus procesos, da técnica, dos contidos e dos contextos. Loitar contra o sensacionalismo, tomando parte da situación e respectando a quen se retrata, actitude extraordinariamente exemplificada no caso das nenas de Vigo vítimas de violación: unha moza de costas abraza a súa nai. Sobran os rostros. Revisando o conxunto de pezas corenta anos despois, mantense intacta a paixón, compromiso e empeño nunha labor que aspiraba a transformar a mirada do público, introducíndoo na intimidade da imaxe, na celebración da fotografía.

A mostra acompañouse do libro *Anna Turbau. Galicia 1975-1979*, un traballo coordinado por Natalia Poncela e deseñado por Antonio Doñate e Xosé Carlos Hidalgo do Laboratorio Numax. Esta completa publicación, necesaria para a cincuenta bibliografía artística sobre a obra da autora, contén diferentes ensaios da comisaria da mostra, do historiador Emilio Grandío, da especialista Cristina Zelich e de Rebeca Pardo, que dan corpo teórico ás 300 fotografías seleccionadas. Con esta iniciativa, o Consello da Cultura Galega asume o reto de custodiar e por en valor parte da creación máis actual, a máis inmediatamente próxima e absolutamente interrelacionada cun período da historia que compe seguir estudando e analizando a través dunha arte da que a fotografía, esta fotografía de Anna Turbau, forma parte indisoluble.

**NOTAS**

<sup>1</sup> Grandío Seoane, E. 2017. "Relatos da transición. Todo era posible." In *Anna Turbau. Galicia 1975-1979*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.